

Juan

Nesta semana sentín as cousas distintas. Xa non era iso de estar probando algo novo, senón máis ben afondando nun hábito que comezaba a saírme natural. O raro é que, canto máis empregaba o galego, máis me daba conta de que antes evitaba dicir certas frases porque cría que non soaban igual. Pero agora atopo a maneira axeitada. Ademáis,

Airas

No meu caso foi ao revés: nesta semana pasei por algúns momentos baixos. Non por non ter ganas, senón porque me decatei de que a veces custa traballo loitar contra rutinas . Saín tomar algo con dous amigos e, ao comezar a falar en galego, un deles soltou: “Hoxe vés moi da vila, non? ”. Me custou non parar. Collín aire e seguíñ adiante. Ao remate da xornada un deles rematou contestándome en galego sen darse de conta. Foi como un triunfo .

Juan

Tamén noto que cando conversamos en galego só nós dous, é máis sinxelo mantelo. Mais se se nos une alguén que fala castelán, sinto como esa forza invisible que te “arrastra” cara ao castelán. Esta semana me obriguei a non cambiar pola inercia. E non ocorreu nada. Nin me miraron estraño, nin se burlaron, nin me pediron explicacións. Ás veces o temor non é máis ca un espello coa nosa propia imaxe distorsionada.

Airas

Tes toda a razón. Ademais descubrín que o galego me fai sentir máis unido á miña avoa. Chamei con ela e emocionouse: “Meu rapaz, ti falas como se falaba antes”. Esas palabras me quedaron moi dentro. É moi bonito sentir que empregamos unha lingua que non é só nosa, senón que nos vén de lonxe. E iso tamén ten o seu peso, pero no bo sentido.

Juan

Xa levamos dúas semanas rematadas. E levamos unha lección importante: falar en galego non sempre é doado, pero dame unha alegría que poucas cousas máis chegan a dar.

Airas

Continuamos. Con erros, coa nosa seguridade de que atoparemos o noso propio lugar na lingua.

#enredandocogalego2025